



XOAN PIÑÓN · FOTOGRAFÍA

Xoan Piñón fotógrafo galego nado en A Coruña. Despois de estudar Medicina en Santiago de Compostela, deixa a profesión para adicarse a fotografía; nos primeiros anos realiza numerosas exposicións como autor e dáse a coñecer coa súa serie “Iluminados” pola que recibe o accesit premio da crítica (Vigo); é esta unha sorprendente colección de fotografías en branco e negro pintadas con óleo e feitas cun gran detalle, esta colección abriralle as portas da fotografía profesional. Realiza a partir de entón numerosas exposicións individuais e colectivas.

Exposicións.

- 1977 Galería El Ojo. Madrid.
- 1978 Caixa Galicia. A Coruña.
- 1979 Galería Prisma. Lugo.
- 1980 Galería Sargadelos. Madrid.
- 1981 Galería Pub O Patacón, “Iluminados”. A Coruña.
- 1982 Galería Toquinho. A Coruña.
“Novos Fotógrafos Coruñeses”. Colectiva. Itinerante.
- 1983 Galería Cuartoscuro. Ferrol.
- 1984 “I Jornades Fotográfiques a Valencia”, Colectiva. Valencia.
1ª Fotobienal. Vigo.
Casa da Cultura con Manuel Vilariño. Vigo.
Kiosco Alfonso “Novas formas vellas raíces”. A Coruña.
Conde Duque “Novos Fotógrafos Coruñeses”. Madrid.
- 1985 “FOCO 85”, Colectiva. Madrid.
Museo do pobo Galego, colectiva. Santiago.
Museo de Pontevedra, colectiva. Pontevedra.

- Caixa Galicia con Juan Rodriguez. A Coruña.
- 1986 Museo do pobo galego "7 tendencias fotográficas". Santiago.
Galería Sargadelos. Santiago.
Universidad Internacional Menéndez Pelayo, "Fuerzas atroces del Noroeste".
Santander.
Kiosco Alfonso. Individual" A Coruña.
- 1987 "Pintores e fotógrafos" con Juan Martínez de la Colina."Inmateriais" A Coruña.
"Fotografía e Cine", Cinegalicia. Vigo.
"Fotografía e Teatro". Bilbao.
- 1988 3ª Fotobienal. "inmateriais" Vigo.
- 1989 "2ª Mostra fotográfica", Colectiva. Lugo.
- 1990 "Foto erotismo", Colectiva. A Coruña.
- 1991 "Tradición e Deseño". Xunta de Galicia. Stuttgart, Santiago, París, Zurich.
- 1992 Pabellón de Galicia, EXPO'92. Sevilla.
Xunta de Galicia, "Galicia en Fotos", Colectiva. México, Buenos Aires.
- 1993 Consello da Cultura Galega. "Galicia Terra Nai", Colectiva.
"Galicia Terra Única". A Coruña. Xunta de Galicia.
- 1994 Sala Salvador de Madariaga. Individual. A Coruña.
C.C. Cuatro Caminos. Passport Scotch Gallery. "Irrealidades". A Coruña.
- 1995 Casa da Parra, Xunta de Galicia, "Urbe, Natura e Cosmos", Colectiva. Santiago.
- 1996 "Pigmentos Autorizados". Barcelona. AFPPMC. Barcelona.
- 1997 Deputación de A Coruña, "A memoria recobrada". A Coruña.
"Sonimag 98". Barcelona. Pabellón Asociación Fotógrafos Profesionais.
Deputación de A Coruña "Momentos de cine". Itinerante.
Fundación Barrie de la Maza, "Galicia Terra Única". A Coruña.
- 1998 Palestina. "Arte por Palabra". Fundación Araguaney.
- 2002 "Botella tirada ao mar". Nunca Máis. Itinerante.
- 2003 "Sonimag 03". Barcelona. Pabellón Danish Photo.
"Marea de Luz". Colectiva. Itinerante.
- 2004 "6+6" A Coruña vista por 6 fotógrafos + 6 pintores. Colexio Oficial de Arquitectos.
A Coruña.
"A Paisaxe Humana". Individual. Festival de Ortigueira 25 Aniversario.
- 2005 Outono Fotográfico de Ourense. Maceda. "A Paisaxe Humana".
- 2006 Outono Fotográfico de Ourense. "A Paisaxe Humana" .Colectiva.
- 2007 "La Historia en la pared". Colectiva. Biblioteca Miguel González Garcés. A Coruña
"A Lonxa de Fisterra". Publicación. Colección Atlante. Grupo Indeza.
- 2008 "Unha Marea de Amor". COF. Fundación Caixa Galicia. A Coruña.
"Médicos Artistas Plásticos de Galicia no Camiño". Colectiva. Itinerante.
"Quen poidera con vosco voar!". Homenaxe Curros Enríquez.
Kiosco Alfonso. A Coruña.
- 2009 "A Coruña. A cidade na Arte". Museo de Belas Artes da Coruña. Colectiva.
- 2010 "Poemas alumeados". Centenario Luis Seoane. Biblioteca Miguel González Garcés.
A Coruña. Colectiva.
"Cámara Barroca". Colectiva. San Martiño Pinario. Santiago de Compostela.
"Andante" Colectiva. Santiago de Compostela. Allariz.

A comenzos dos 80 é cofundador de Novos Fotógrafos Coruñeses. Comenza alternando o deseño gráfico e o cartelismo coa fotografía, e os seus primeiros traballos son para o Concello de A Coruña: reproducións de arte e certos para o Palacio Municipal de Exposicións Kiosco Alfonso de A Coruña, etc.

É cofundador do grupo "Canbranco", do que nacería a iniciativa da primeira Fotobienal Vigo; patrocinada polo Concello de Vigo no que participa como co-organizador e posteriormente expoñendo os seus traballos.

Podemos citar como coleccións de autor:

Iluminados (1977 a 1985)

A estética dos oitenta, fotos en branco e negro pintadas con óleo; realiza 25 fotografías en catro anos.

Luz Coherente (1986)

Fotografía experimental con luz láser proxectada e imaxes biomorfas. Diapositiva sobre Cibachrome.

Inmateriais (1987)

Plasmar o intanxible, realizada co pintor Juan Martínez de la Colina.

Nueva York (1987)

A fascinación pola fotografía de arquitectura, proxección en diapositiva 35 mm.

Galicia Terra Nai (1993)

Profundizando na maxia e o misterio de Galicia. Branco e negro sobre papel baritado. Depositada no Consello da Cultura Galega.

10 Años de Moda (1985 a 1995)

Arte publicitario no sector moda. Un percorrido pola historia da Moda en Galicia. Técnicas variadas.

A Memoria Recobrada (1997)

Unha visión persoal dos artesáns do centro histórico de Santiago. Técnicas de alto contraste sobre papel fotográfico.

Momentos de Cine (1997)

Retratos e esceas memorables do cine feito en Galicia.

Espirais (1994, inacabada)

Exposición baseada na forma espiral biolóxica e cósmica. Realizadas en estudo. Diapositiva 6x6 e 9x12 sobre Cibachrome.

Dez Outonos no Courel (1994 - 2004)

Serra de O Courel, unha búsqueda imposible da semá sinalada polo bosque. Diapositiva 6x6.

A Paisaxe Humana (2003)

Exposición conmemorativa do 25 Aniversario do Festival de Ortigueira. Fotos a tamaño natural das persoas. Desprazouse un plató fotográfico e, sobre fondo branco, as persoas aparecen como un documento descontextualizado do festival.

Extratos (2005)

Abstraccións sobre masas de cor e formas distorsionadas. Unha aproximación ao mundo máis onírico.

A Horta de Carnati (2006 - 2007))

A turxencia da terra, seres vexetais que manifestan explícitamente a súa existencia.

Manuel Rivas escribiu pra unha das suas primeiras exposicións:

Un moucho nunha fiestra, Con semellante talismán non hay derrota posibel. Eu agardo que Xoan Piñón me regale a foto algún día. Ou unha foto irmán cun moucho da familia, igoalmente simpático, misterioso e insolente. Ese páxaro gaboso, sabio e inquietante, coma deus conscente da sua mitoloxía, resume o intre máximo da foto: maldito e inocente, tenro e doente. Revolución e permanencia.

A hora lexendaria en que o derradeiro mohicano, Uncas, ensinou o tatuaxe da tortuga e pasmou a os delawares. Ese é o intre da foto verdadeira. E Piñón ven-nos pasmer con eses tatuaxes da tribu que ceibou nas paredes.

O estoupido da celula. O da semente cando apalpa no sol. O alalalá da pasión. O intre da xiria. Ese tamén é a foto verdadeira. Enerxía e solpresa, vértigo e asombro. E Piñón trnsmítenos esas vibracións, porque a cámara dos mestres ten o don de facer reverdecer.

Descubrimiento. Apropiación. Segredo. Todo pirata que se honre percura tesouros polo placer da percura. Todo viaxeiro que se precie non debe ter máis meta que o alén. Todo bon falcón -eu seino- caza para voar.

Se con esto se entende que Xoan, fotógrafo, ten un pouco de pirata, de viaxeiro e de falcón, xa está dito todo. Dentro dun século falaremos.

Actividades Docentes. Ponencias. Conferencias.

Universidad de Vigo. Campus de Pontevedra. Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación. Mestre Invitado. Publicidade e Relacions Públicas. Fotografía Práctica. Asignatura 4º curso.

Consellería de Cultura. Xunta de Galicia. Consorcio Audiovisual de Galicia. Formación de Monitores. "Audiovisual nas aulas".

Consellería de Educación. Xunta de Galicia. "Tratamentos avanzados de Imáxes Dixitais". Centro de Formación e Recursos. Plan de formación de mestres da Imaxe.

Cursos de Iluminación. CIMAT. Madrid. Bilbao. Málaga. Sevilla.

Centro Español de Nuevas Profesionas. A Coruña. Ponencia "Moda Galega século XX"

Escola de Imaxe e Son. A Coruña.
Escola Marcote. Vigo.
Escola de Artes Pablo Picasso. A Coruña.
Consellería de Educación. Xunta de Galicia CGAC “Encontros cos artistas plásticos galegos”
Universidade de Vigo. Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación “Fotografía Publicitaria”.
Deputación Provincial de Lugo. Centro de Artesanía e Deseño CENTRAD. “A arte e a Innovación”. Lugo.
C.I.E. Mans. “Xornadas teórico prácticas da imaxe e a Fotografía”. A Coruña.
ADFVA. “V Xornadas Internacionais da Fotografía Profesional”. Xixón.
Universidade de Santiago. Campus de Lugo. “Perfeccionamento de Fotografía dixital”
MARCO. “Fotografía adaptada a Artesanía” Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño. Xunta de Galicia. Vigo
EASD Antonio Failde. Taller “Erregebé”. Ourense

Fotografía Dixital. Novas Tecnoloxías.

Alumno de Daniel Margulis, é unha persoa experimentada na fotografía dixital e o Retoque Dixital da Imaxe, así como en disciplinas tan especializadas como a Calibración da Cor e a Preimpresión Dixital, campos nos que na actualidade, supoñen un alto porcentaxe do seu traballo. Xoan Piñón imparte cursos, presentacións e conferencias de fotografía dixital profesional e iluminación (Madrid, Bilbao, Vigo, Xixón, Málaga, A Coruña etc.)

Fotografía de Moda.

Co nacemento da revista Galicia Moda creada por Luis Carballo, comenza a realizar os seus primeiros ensaios na fotografía de moda; co seu persoal estilo, marcas como Caramelo, Masimo Dutti, Antonio Pernas, Montoto, Unicén, Pull&Bear realizarán as súas campañas publicitarias con Xoan Piñón. Modelos nacionais e internacionais como Inés Sastre, Judit Mascó, Marcus Schenkenberg, Vanesa Lorenzo, Mar Flores, Estefanía Luick e Carlos Lozano son fotografiados por Xoan Piñón e as súas imaxes publícanse en revistas como Vogue, Wallpaper, Uomo Vogue, Elle, Marie Claire, Man, Fotogramas etc.

En 1995 recibe o premio Lux Moda cun catálogo para Caramelo con Judith Mascó como recoñecemento a súa laboura creativa.

Posteriormente tamén realizará traballos para Adolfo Domínguez e Roberto Verino coa revista Greca, e co Grupo Inditex na súa marca Often.

Carteis e portadas.

Realiza con diversas produtoras discográficas como EMI, Ariola, Boa-Music, Discmedi, numerosas portadas de disco e carteis para os grupos Milladoiro, Berrogüetto, Doa, Rosa Cedrón, Rodrigo Romaní, Susana Seivane, Emilio Cao, Fuxan os Ventos, Uxía Senlle, Grupo Universitario de Cámara, Leilía, Heredeiros da Crus, Ávalon, Lorena Lores, e fotos publicitarias para Luar na Lubre, Diplomáticos de Monte Alto, Na Lúa, Faltriqueira, etc.

Experto na reprodución de artes plásticas, fixo numerosos libros entre os que podemos

destacar as publicacións cos Fondos de Arte de A Xunta de Galicia, Caixa Galicia, Museo de Arte Contemporáneo Unión Fenosa, e temáticos, como os realizados para o Auditorio de Galicia : La Vanguardia Rusa, Carlos Maside, Renovadores da Arte en Galicia (Laxeiro, Colmeiro, Souto y Seoane), Isaac Díaz Pardo, Pintores do Magreb etc. e para a Fundación Luis Seoane, Museo de Belas Artes da Coruña e Consellería de Cultura de A Xunta de Galicia do pintor Luis Seoane. Alberto Datas para a Deputación de A Coruña. Traballa tamén reproducións para o Centro de Arte Reina Sofía.

Cine.

No campo do cine, fixo numerosos traballos para produtoras como Buena Vista Internacional, Warner, Filmax, Continental Producciones, Tornasol films e outras.

Publicación: Momentos de Cine (Deputación Provincial de A Coruña)

Manuel Rivas escribe no prólogo de “Momentos de Cine”:

“O Cazador Furtivo”

... Entre os contrastes, o traballo de fotografías de rodaxes cinematográficas que nos mostra Xoan Piñón proxecta unha paradóxica naturalidade. Son tamén imaxes tomadas no escenario dunha representación, onde as persoas son persoaxes, a paisaxe é paisaxismo, e o que acontece é unha ficción. E noustante teñen es estraña naturalidade que nos enfeitiza e que nos faireflexionar sobre os lindes da realidade, das artes e mesmo da condición humana, ese “un que é moitos” ese ser para o disfraz. Cada unha de estas imaxes ten a fasquía mista do fotograma, do documental e do retrato psicolóxico... como se Piñón fotografiara simultaneamente o actor, o persoaxe e a aura literaria e fílmica que os arrodea. A demáis, algúns destes actores son rostros famosos, ou com se adoita dicir noutra paradoxa mediática, sonnos “familiares”. Outro xogo engadido para a cámara do fotógrafo. Todas esas “capas de pintura” fanse transparentes nestas fotografías de rodaxe. Fálannos, con vagar, do espectáculo do espectáculo, da ficción da ficción, da película que é facer cine. Se na rodaxe o tempo é ouro, velaí o tempo cazado como un fotograma da memoria. A cámara detrás da cámara. O cine creou os novos totems, os ídolos paganos que necesita o ser humano e que nos mostran que os gregos clásicos foron tamén por diante nisto: deuses de carne e oso, deuses cheos de paixóns, deuses que fornicaban ata o linde do incesto. A eses deuses facíanlle estatuas para conxelalos no mármore do tempo. Entre as franquezas do cine está o seu mellor valor: a imaxe en movemento. A fotografía é a a que caza os deuses. E aí está Piñón. O cazador furtivo no coto privado onde se fabrican os soños.

Xoan Piñón realizou fotografías publicitarias nas películas Divinas Palabras (José Luis García Sánchez), Viuda de Gómez e Hijos, Finisterre, Continental, Trece Badaladas (Xavier Villaverde), Sei quen es (Patricia Ferreira), O Bosque Animado (Dygra, Manuel Gómez Santos, Ángel de la Cruz), La Rosa de Piedra (Manuel Palacios para Canal +). Para que no me olvides (Patricia Ferreira), Heroína (Gerardo Herrero), Abrígate (Ramón Costafreda), Días Azules (Miguel Santesmases), Mia Sarah (Gustavo Ron), etc.

Numerosos persoeiros do cine posaron pra Xoán Piñón: Francisco Rabal, Imanol Arias, Ana Belén, Geraldine Chaplin, Marisa Paredes, Manuel Manquiña, Luis Tosar, Aurora Bautista, Fernando Fernán Gómez, Nancho Novo, Elena Anaya, Marta Etura, Adriana Ozores, Berta Ojea, Oscar Jaenada, Marta Larralde, María Bouzas, etc.

José Manuel García Iglesias, escribiu sobre “A Horta de Carnati” da exposición colectiva “Médicos Artistas Plásticos no Camiño” :

... Xoan Piñón aporta un traballo seu que pertence á súa colección “A Horta de Carnati”. A cámara aproxímase e arranca, nun primeirísimo plano, a textura mesma dunha vexetación fermosa, intensamente viva, facéndonos ver o fotógrafo que entende o seu quefacer como unha especie de indagación da que nace o seu propio asombro ante o que ve e, maxistralmente, plasma.

Fotografía Publicitaria.

As suas imáxes de fotografía publicitaria fan de este fotógrafo galego un dos referentes para a realización de campañas, coma as realizadas para:

Fundación Caixa Vigo
Fundación Pedro Barrié de la Maza
Fundación Caixa Galicia
Fundación Luis Seoane
Auditorio de Galicia
Palacio Municipal de Exposiciones Kiosco Alfonso
Centro de Arte Reina Sofía
Centro Galego de Arte Contemporánea
Museo de Arte Contemporáneo Unión Fenosa
Museo de Belas Artes da Coruña
Museo Carlos Maside
Perspectivas
Editorial Planeta
Condé Nast
INGENIAqed
El País Semanal
Folk Roots
La Voz de Galicia
Editorial Novos Vieiros
Edicións Xerais de Galicia
Hércules Edicións
Oficio y Arte
Sargadelos O Castro Cerámicas
Centro de Arte e Deseño de Galicia. Diputación de Lugo
Asociación Galega de Artesáns
Centro Dramático Galego
Ministerio de Obras Públicas
Iberia Lineas Aereas. Ronda Iberia
Aena
Compañía de Correos y Telecomunicaciones
Telefónica
Barceló Hoteles
Consellería de Educación Xunta de Galicia
Consellería de Cultura Xunta de Galicia
Consellería de Presidencia Xunta de Galicia

Cosellería de Innovación e Industria Xunta de Galicia
Consellería de Educación E.O.U.
Consortio Audiovisual de Galicia
Gobierno Vasco
Ayuntamiento de A Coruña
Ayuntamiento de Santiago
Ayuntamiento de Vigo
Ayuntamiento de Ortigueira
Diputación de A Coruña
Diputación de Lugo
Universidad Internacional Menéndez Pelayo
Universidad de Santiago de Compostela
Universidad de A coruña
Caixa galicia
Novacaixagalicia
Banco Pastor
Barclays Bank
VISA
Colegio Oficial de Farmacéuticos
Colegio Oficial de Arquitectos
Cámara de Comercio A Coruña
Grupo Indeza
Turgalicia
Husqvarna
Internaco
Microsoft
Buena Vista Internacional
EMI
Warner
Filmax
Dygra Producciones
Real Club Deportivo de A Coruña
Televisión de Galicia
Tornasol Producciones
Continental Producciones
Ion Producciones
Televés
Turgalicia
R Cable Telecomunicaciones Galicia S.A.
Telecable
Softgal
Domus
Fadesa
Vogue España
L'uomo Vogue
Elle
Wallpaper
Neo2
La Voz de Galicia

Fotogramas
Inditex Often
Caramelo
Florentino
Massimo Dutti
Montoto
Kina Fernández
Antonio Pernas
Etiem
OgilvyOne worldwide
Imaxe
Bap&Conde
Luis Carballo
Sistema Diseño
Idea creatividade
Europublic
Terra
Neo
4Pes
Arturo Alvarez
Lacer
Coren
Gadisa
Pescanova
Jealsa
Escuris
Salgado
Estrella de Galicia
Leche Pascual
Feiraco
Cabreiroá
Ternera Gallega
Martín Codax Bodegas
Casal Caeiro Bodegas
Fefiñanes Bodegas
Marqués de Vizhoja Bodegas
Vía Romana Bodegas
Casa Pardo Restaurant
Domus Restaurant
El Refugio Restaurant

Música.

Na súa antiga relación coa música grava en 1968 co grupo “Generación 49” o primeiro EP de música electrónica con temas galegos como instrumentista e arranxista. Como integrante e cofundador do grupo musical galego Doa mantén una intensa actividade de gravacións e actuacións.

<http://www.generacion49.blogspot.com>

<http://www.doa-music.com>

Discografía con Doa

- 1979 O Son da Estrela Escura (Ruada) reeditado 2003 en SON de Galicia (La Voz de Galicia)
- 1984 Polaridade (Sociedad Fonográfica Asturiana / Ión Producciones) reeditado en 2002 por Ye Records Dos Acordes SL. Cedida a edición de 500 exemplares a "Nunca Máis"
- 2002 Arboretum (Xingra.com)
- 2006 20011 A Fronda dos Cervos

Outras colaboracións musicais:

- 1968 Grupo Generación 49 (Belter) Vinilo E.P.
- 1973 Grupo Sopa de Sobre
- 1974 NHU
- 1975 Inxilio (Margen). Dirección de Trinidad Aguirre (Tala Films). Mediometraxe en 16 mm. B/N. Banda sonora orixinal en colaboración con Bernardo Martínez.
- 1975 Teatro Zoo (Madrid). Mas o menos Alberti. Dirección de Eduardo Alonso. Música orixinal en directo.
- 1977 Emilio Cao, Fonte do Araño (Novola)
- 1977 Bibiano, Alcabre (Zafiro)
- 1980 Grupo de teatro Troula. Obra "Pedro Madruga, Conde de Caminha, Señor de Soutomaior". Música orixinal interpretada en directo.
- 1982 Grupo Meteoro.
- 1983 Grupo Metro.
- 1985 "Galiza a José Afonso" DOA grava en directo no Auditorio do Parque de Castrelos (Vigo) os temas "Resa med lekare" e "Viva Ramón"
- 2001 El Bosque Animado (Dygra Produccións) Temas orixinais "Cantiga das árbores" e "Cae o sol lentamente" con Xaquín Blanco
- 2004 El Templo, videoxogo (Interacción) incorpora o tema "Como soños de nacre" do CD Arboretum (DOA)
- 2006 Entre Dous Mares. Rosa cedrón. Mare Producciones.
- 2007 Isaac. Xosé Abad. Audiovisual. Incorpora o tema de DOA "Ancello do Silencio".
- 2008 I Edición Premios Artesanía de Galicia. Audiovisual. Incorpora os temas de DOA "Ancello do Silencio" e "O Cabalo do Souto"
- 2010 "The Beatles 50" DOA grava "Across The Universe" para "Médicos sin Fronteras"